



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA SETE DE XULLO DO ANO DOUS MIL SETE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas do día sete de xullo do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Lamela Bautista da comezo a sesión extraordinaria ó existir quórum suficiente e que contou coa asistencia dos seguintes concelleiros:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria a da Corporación Dña. Beatriz Díaz Rodríguez.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os seguintes asuntos que conforman a orde do día e que foron legal e previamente notificados:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE XUÑO DO ANO DOUS MIL SETE.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros xunto coa convocatoria da presente sesión copia da acta da sesión constitutiva celebrada en data dezaseis de xuño do ano dous mil sete, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto, sen que os mesmos se produzan, polo que o Sr. Alcalde seguidamente somete a votación as citadas actas, resultando aprobadas co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo que a acta da sesión constitutiva celebrada en data dezaseis de xuño do ano dous mil sete resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE VOCEIROS.

Polo Sr. Alcalde procédese a dar conta dos escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello, de constitución de grupos políticos e voceiros dos mesmos:

Grupo Político Municipal do PS de G-PSOE, integrado polos seguintes concelleiros:

D. José Lamela Bautista
D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Juan Benito Alvarez Pacheco.

Actuará como Voceiro D. José lamela Bautista.

Grupo Político Municipal de PP, integrado polos seguintes concelleiros:

D. Benito Vázquez Vázquez.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.
D. Antonio Estévez González
Dna. María Belén González González

Actuará como Voceiro titular D. Benito Vázquez Vázquez e como Voceiro suplente Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Grupo Político Municipal do BNG, integrado polos seguintes concelleiros:

D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.

Actuará como Voceiro D. Jesús Deibe Fernández Simo.

Grupo Mixto, constituído ó abeiro do sinalado no artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia e integrado polo concelleiro D. Francisco Veloso González.

PUNTO TERCEIRO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

Por parte do Sr. Alcalde dáse lectura á seguinte



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co preceptuado nos artigos 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 38 e 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e dentro do límite marcado polos preceptos mencionados

PROPOÑO Ó PLENO CORPORATIVO a adopción do seguinte réxime de sesións ordinarias:

Primeiro e único: *As sesións plenarias ordinarias do Pleno do Concello de Lobios terán unha periodicidade bimensual, celebrándose non meses impares (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro) e desenvolveranse o último sábado de cada un dos meses sinalados, as once horas. No suposto de que a citada data fora inhábil, a sesión plenaria ordinaria celebrarase o sábado seguinte hábil á mesma hora.”*

Non promovéndose debate, sométese este asunto a votación, que acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓ NS: Ningunha.

Polo que a presente proposta resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**

PUNTO CUARTO: CREACIÓ N E COMPOSICIÓ N DAS COMISIÓ NBS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Por parte do Sr. Alcalde dáse lectura á seguinte

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

RESULTANDO que o pasado día 16 de xuño tivo lugar a constitución da Corporación do Concello de Lobios, como consecuencia das eleccións locais celebradas en data vinteseite de maio do ano presente, sendo proclamado Alcalde o que subscribe.

VISTO o preceptuado no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF) , procede a constitución, determinación da composición e réxime de funcionamento da Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos deste Concello, ó ser a única de existencia preceptiva en atención ó disposto nos artigos 20.1 c) e 20.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VISTO o sinalado no artigo 124.2, en relación co artigo 125, ambos do ROF, corresponde ó Pleno da Corporación, a proposta do Alcalde-Presidente, a determinación do seu número e denominación iniciais, procurando a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Por todo o exposto, de conformidade co disposto no artículo 38, en relación co artigo 127 e 134 a 138 do ROF, por esta Alcaldía propónse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Constituir o Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos deste Concello que terá por finalidade o exame, o estudio e informe da Conta Xeral e demais contas municipais.

Segundo: A Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos integrarase polos seguintes membros:

- Dous representantes do Grupo Municipal do PS de G-PSOE.
- Dous representantes do Grupo Municipal do PP.
- Un representante do Grupo Municipal do BNG.
- Un representante do Grupo Mixto.

A adscripción concreta á citada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada Grupo, realizarase mediante escrito do seu Voceiro dirixido ó Alcalde, do que se dará conta ó Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

Terceiro: Estará presidida polo Alcalde, quen poderá delega-la presidencia en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Cuarto: Axustará o seu funcionamento ó disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF, e celebrarán sesión ordinaria na data establecida polo Alcalde, coa antelación suficiente para emitir dictame nos asuntos a tratar no Pleno.”

Non promovéndose debate, sométese este asunto a votación, que acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo que a presente proposta resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO QUINTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Por parte do sr. Alcalde dáse lectura á seguinte

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como consecuencia da constitución do Concello de Lobios de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinteseite de maio, faise necesario levar a cabo o nomeamento de representantes deste Concello no Parque Natural da Baixa Limia “Serra do Xurés”.

*Por todo o anteriormente exposto, **PROPOÑO Ó PLENO CORPORATIVO** a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro e único: *Nomear como representante municipal no Parque Natural da Baixa Limia “Serra do Xurés”, ó Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista.”*

Non promovéndose debate, sométese este asunto a votación, que acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo que a presente proposta resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**

Polo Sr. Alcalde, dáse lectura á proposta seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como consecuencia da constitución do Concello de Lobios de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinteseite de maio, faise necesario levar a cabo o nomeamento de representantes deste Concello no Consello Escolar Municipal do CEIP do Xurés.

*Por todo o anteriormente exposto, **PROPOÑO Ó PLENO CORPORATIVO** a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro e único: *De conformidade co establecido na normativa reguladora dos Consellos Escolares Municipais e de Centros Públicos de Ensinanza, nomear como representante municipal no Consello Escolar do CEIP do Xurés ó Concelleiro D. Manuel Paz León.”*



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Non promovéndose debate, sométese este asunto a votación, que acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo que a presente proposta resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**

PUNTO SEXTO: COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS E DELEGACIÓNS.

Por parte do Sr. Alcalde dáse lectura ós seguintes Decretos:

“DECRETO

RESULTANDO que o pasado día 16 de xuño tivo lugar a constitución da Corporación do Concello de Lobios, como consecuencia das eleccións locais celebradas en data vinteseite de maio do ano presente, sendo proclamado Alcalde o que subscribe.

VISTOS os artigos 20, 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL) e 46 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (en adiante ROF),

RESOLVO:

Primeiro: Nomear como Tenente de Alcalde deste Concello ó concelleiro D. Jesús Deibe Fernández Simo, membro do Xunta de Goberno Local a constituir.

Segundo: Delegar no Tenente de Alcalde as seguintes funcións, con facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros: as competencias que a esta Alcaldía corresponden en materia de servizos sociais, cultura, festas, infraestructuras turísticas e desenvolvemento local.

Terceiro: Notificar o presente Decreto ó concelleiro afectado, dar conta do mesmo ó Pleno na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

En Lobios, a 27 de xuño de 2007. ”.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

“DECRETO

RESULTANDO que o pasado día 16 de xuño tivo lugar a constitución da Corporación do Concello de Lobios, como consecuencia das eleccións locais celebradas en data vinteseite de maio do ano presente, sendo proclamado Alcalde o que subscribe.

VISTOS os artigos 20, 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL), 43 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (en adiante ROF),

RESOLVO:

Primeiro: Delegar en D. Cayetano Carballo Suárez, membro da Xunta de Goberno Local deste Concello, as competencias que a esta Alcaldía corresponden en materia de agricultura, gandería e forestal, con facultade para resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo: Delegar en D. Manuel Paz León, membro da Xunta de Goberno Local deste Concello, as competencias que a esta Alcaldía correspondan en materia de servizos públicos e obras públicas municipais.

Terceiro: Delegar en D. Tomás Fernández González as competencias que a esta Alcaldía correspondan nos servizos de facenda, réxime interior, persoal, emprego e formación ocupacional. Esta delegación abarcará tanto a facultade de dirección dos servizos como de xestión, pero non incluírá a facultade de resolver actos administrativos que afecten a terceiras persoas.

Cuarto: Delegar en D. Juan Benito Alvarez Pacheco as competencias que a esta Alcaldía correspondan nos servizos de medio ambiente e promoción turística e cultural. Esta delegación abarcará tanto a facultade de dirección dos servizos como de xestión, pero non incluírá a facultade de resolver actos administrativos que afecten a terceiras persoas.

Quinto: Notificar a presente Resolución ós concelleiros afectados, indicándolles o deber que teñen de manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas funcións delegadas.

Sexto: Dar conta do presente Decreto ó Pleno do Concello na sesión extraordinaria a convocar en cumprimento do preceptuado no artigo 38 do ROF.

En Lobios, a 3 de xullo de 2007.”



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

DECRETO

Constituída a nova Corporación, en sesión extraordinaria celebrada en data dezaseis de xuño de dous mil sete, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día vinteseite de maio do presente ano, procede determinar o novo réxime de organización e funcionamento deste Concello e, polo tanto, da Xunta de Goberno Local, ó constituírse a mesma por acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria de tres de agosto do ano 1999 e ratificado por acordo plenario de data vintecinco de agosto do mesmo ano, segundo dispón o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL)..

En uso das facultades que a esta Alcaldía lle confiren os artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 43.2, 52 y 53 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF),

RESOLVO:

Primeiro: *Constui-la Xunta de Goberno Local do Concello de Lobios que integrarase por esta Alcaldía-Presidencia, que a presidirá e polos seguintes concelleiros:*

- *Don Jesús Deibe Fernández Simo.*
- *Don Cayetano Carballo Suárez.*
- *Don Manuel Paz León.*

Segundo: A Xunta de Goberno Local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle outorgan directamente os artigos 23.2 da LRBRL e 53.1 do ROF, así como as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan ás leis.

Segundo: *A Xunta de Goberno Local reunirase, en sesión ordinaria, cada dous venres ás 17:00 horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o día hábil seguinte á mesma hora.*

Terceiro: *Notificar o presente Decreto ós concelleiros afectados, dar conta do mesmo ó Pleno na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de Anuncios deste Concello. .*

En Lobios, a 3 de xullo de 2007.

Os membros corporativos asistentes á sesión danse por enterados.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO SÉTIMO: NOMEAMENTO DE TESOUREIRO.

Por parte do sr. Alcalde dáse lectura á seguinte

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a necesidade de dispor dun funcionamento operativo da Corporación e por non ser preceptiva a dotación da praza de funcionario que preste os cometidos como Tesoureiro da Corporación de manexo e custodia de fondos, efectos e valores da entidade e de jefatura do servizo de recadación, así como os de contabilidade, conxuntamente con Secretaría-Intervención.

PROPOÑO Ó PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Nomear como Tesoureiro Municipal ó concelleiro D. Manuel Paz León.

Segundo: *Asumir de forma solidaria as responsabilidades que ponderan derivarse polo conxunto dos membros da Corporación que emitan o seu voto favorable ó devandito nomeamento.*”

Non promovéndose debate, sométese este asunto a votación, que acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo que a presente proposta resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**

PUNTO OITAVO: DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Por parte do sr. Alcalde dáse lectura á seguinte

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, de dous de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dad pola Lei 11/1999, de 21 de abril,

PROPOÑO Ó PLENO DO CONCELLO a adopción do seguinte acordo:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Primeiro: *Aproba-la seguinte relación de membros da Corporación que desempeñarán os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, a xornada completa:*

- Alcalde-Presidente do Concello de Lobios, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de mil trescentos oitenta e sete euros (1.387,00 €).

- Tenente de Alcalde do Concello de Lobios, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de mil cincocentos corenta e oito euros (1.548,00 €), tendo en conta que esta dedicación exclusiva finalizará en data 31 de decembro do presente ano.

Estas retribucións faranse efectivas a partires do mes de agosto do ano 2007 e experimentarán anualmente un incremento do dous por cento.

De conformidade coa lexislación vixente, os cargos que se exerzan con dedicación exclusiva serán incompatibles con calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Segundo: *Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ós concelleiros que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva a partires do próximo 1 de agosto de 2007, asumindo este Concello as cotas empresariais correspondentes.”.*

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, sinala que dixo que ía votar a favor de todos os puntos da orde do día, pero para dar o seu voto favorable á presente proposta quere que se lle informe da situación económica do Concello.

O Sr. Alcalde resposta que neste intre non é capaz de presentar os datos solicitados polo Sr. Veloso González, solicitando á Secretaria-Interventora que responde.

A Secretaria-Interventora sinala que existe unha falta de liquidez total e absoluta.

Concedida á palabra ó representante do Grupo Municipal BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que se leva a traballar dende a toma de posesión e se puido comprobar a necesidade de por ó día os aspectos económicos e estruturais e de funcionamento do Concello co obxecto de adaptalo ás necesidades actuais, sendo este o motivo polo que se fai necesario as dedicacións exclusivas, posto que para facer esta labor é necesario adicarlle máis de oito horas. Termina a súa exposición aclarando que a cantidade neta que percibirá é a mesma que a que corresponde ó Sr. Alcalde, xa que os datos da proposta son cantidades brutas.

O Sr. Alcalde sinala que con esta proposta se pretende regularizar os cobros efectuados ó Alcalde anterior.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que vai votar a favor destas dedicacións porque comprometeuse a sacar adiante este goberno na medida das súas posibilidades e para non paraliza-lo Concello, esperando que realmente haxa un cambio de mentalidade e que o salario a percibir polo Tenente de Alcalde e polo Alcalde sexa ganado correctamente e así o pobo non teña nada que dicir.

Sometida a presente proposta a votación, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo que a presente proposta resultou aprobada **POR UNANIMIDADE dos membros plenarios asistentes.**

E non habendo mais asuntos a tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos do día da datado que eu, como Secretaria, dou fé.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Beatriz Díaz Rodríguez